

RESOLUCIÓN

ASUNTO: CORRECCIÓN ERRORES NO DECRETO Nº 336/2019

EXPEDIENTE: 2019/G003/000414

EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN: 2019/C003/000008

Javier Francisco Caínzos Vázquez, alcalde do Concello de Curtis, (A Coruña),

ANTECEDENTES

– Detectado un erro material existente no apartado segundo do decreto nº 336, do 12/07/2019 relativo á incoación do expediente de contratación das obras incluídas no "Proxecto de renovación e adaptación ao Regulamento de eficiencia enerxética, RD 1890/2008, de Iluminacións Públicas no Concello de Curtis"

FUNDAMENTOS LEGAIS

– Artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas:

"As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos"

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local vixente, **RESOLVO:**

ÚNICA. - Corrixir o erro material existente no apartado segundo da parte dispositiva do Decreto nº 336, do 12/07/2019, de xeito que onde di:

"SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación da obra incluída no "Proxecto de renovación e adaptación ao Regulamento de eficiencia enerxética, RD 1890/2008, de iluminacións públicas no Concello de Curtis mediante tramitación ordinaria e procedemento aberto simplificado con pluralidade de criterios de adxudicación avaliados mediante a aplicación de fórmulas e dispoñer a apertura do correspondente procedemento de adxudicación."

Debe dicir:

"SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación e o "Proxecto de renovación e adaptación ao Regulamento de eficiencia enerxética, RD 1890/2008, de iluminacións públicas no Concello de Curtis" redactado polo enxeñeiro técnico industrial, Antonio Pérez Antelo, cun orzamento total, IVE incluído, de 321.189,48 €, mediante tramitación ordinaria e procedemento aberto simplificado con pluralidade de criterios de adxudicación avaliados mediante a aplicación de fórmulas e dispoñer a apertura do correspondente procedemento de adxudicación."

Documento asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

O alcalde

Javier Francisco Caínzos Vázquez

Dou fe, a secretaria-interventora

Rosa María Buján Ordóñez